

A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 6 de xuño de 2024, trala solicitude formulada pola Comisión de Farmacia e Terapéutica da Área Sanitaria de Vigo e o Comité da Hormona de Crecemento, CONSIDERA PERTINENTE de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde do medicamento de alto impacto, sanitario, social e económico:

SOMATROGÓN

como alternativa a SOMATROPINA no tratamento de nenos e adolescentes a partir dos 3 anos, con trastornos do crecemento debido a unha secreción insuficiente da hormona de crecemento, tendo en conta o seguinte:

1. Priorizarase o inicio de tratamento co **biosimilar de Somatropina** en todas as patoloxías nas que ten indicación autorizada: déficit da hormona de crecemento, síndrome de Turner, Insuficiencia Renal Crónica, pequeno para a idade xestacional e síndrome de Prader-Willi.
2. A utilización de **Somatrogón** poderase valorar nas seguintes **situacións excepcionais**:
 - a) Baixo perfil de adherencia a somatropina demostrado documentalmente (duración mínima do tratamento: 6 meses)
 - b) Contorna social que non garanta unha administración diaria crónica
 - c) Precisar da administración doutros fármacos de xeito concomitante pola mesma vía.
 - d) Padecer patoloxía/s que dificulten a administración diaria da hormona (exemplo, autismo).

Esta resolución e comunicada nesta data a Comisión de Farmacia e Terapéutica do seu hospital.

Santiago de Compostela, sinatura e data dixital

O presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica
Alfredo José Silva Tojo

Xerentes das Áreas Sanitarias do Servizo Galego de Saúde